



Concello do Grove

ACTA Nº 2 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN

EXPTE Nº.: 469/2021

ASUNTO: Valoración dos méritos e data para a proba de galego para a selección dunha praza de auxiliar de turismo funcionario interino/a dentro do proxecto de recuperación do sector turístico no Grove.

Na Secretaría do Edificio Administrativo, ás 12:00 h do martes 18 de maio de 2021, reúnese o tribunal cualificador do procedemento de selección dun funcionario interino auxiliar de turismo dentro do proxecto de recuperación do sector turístico no Grove, designado mediante Decreto da Alcaldía nº2021-0470.

Faise un receso das 13:30 ás 14:30 h pola asistencia do presidente do tribunal á Xunta de Goberno Local. Retómase a valoración ás 14:30 polos membros asistentes.

Faise un receso ás 16:30 h e retómase a reunión do tribunal ao día seguinte, mércores 19 de maio ás 11:00 h ata as 13:00 h.

Asisten os seguintes membros:

Presidente: Javier López Mera

Secretaria: María del Carmen Meis Domínguez

Vogais: Isabel Prieto Prol, María Luz Fernández González, María del Carmen Pérez Vidal.

Concorrendo o quórum ao que se refire a base Quinta da convocatoria, verifícase a válida constitución do Tribunal.

1. Coñecemento do idioma galego

Polo tribunal compróbase que unha das aspirantes non achega acreditación de estar en posesión do CELGA 4, como se esixe na base Cuarta das Bases da Convocatoria polo que se procede a fixar a data para a proba de galego (oral e/ou escrita): 25 de maio ás 10:00 h.

2. Criterios de actuación do tribunal

Polo tribunal de selección, atendendo ao baremo establecido na base Cuarta, fíxanse os seguintes criterios interpretativos para a avaliación dos méritos:

- A) A referencia a “calquera Administración Pública” tanto no que atinxe á experiencia laboral como a impartición e/ou homologación de cursos, interprétase en sentido amplo, segundo o disposto no artigo 2.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, incluíndose tamén as Universidades Públicas. Os servizos prestados en entidades de dereito privadas vinculadas á Administración consideraranse servizos no sector privado.
- B) Para a valoración da experiencia teranse en conta anos completos. Valoraranse

Concello do Grove



Concello do Grove

fraccións de tempo inferiores que sumadas computen polo menos un ano de servizo, sempre que os ditos períodos se prestasen en postos do mesmo subgrupo, categoría ou grupo de clasificación.

- C) No caso de contratacións laborais inferiores á xornada completa, teranse en conta os días efectivos de servizos segundo a vida laboral.
- D) No caso de contratacións laborais, na determinación da equivalencia co posto de traballo ofertado, en caso de contradición entre contrato e vida laboral, prevalecerá o grupo de cotización indicado na vida laboral. Igual criterio se terá en conta para as “bolsas de emprego” téndose en conta aquelas que aparecen na vida laboral.
- E) No referente aos cursos e titulacións para determinar a “relación co posto de traballo” atenderase ás funcións propias do posto así como ás materias incluídas no programa anexo das bases.
- F) Emenda de méritos: Unicamente se admitirá a emenda de méritos alegados e deficientemente acreditados por cuestións formais, ou que precisen de aclaracións. A falta de presentación inicial de documentos esixidos nas bases non será emendable. En ningún caso se permitirá a alegación de novos méritos non achegados coa solicitude inicial.

3. Cualificacións provisionais da fase de concurso

Acto seguido procédese a cualificación provisional dos méritos alegados polas aspirantes, segundo o baremo estipulado na base Cuarta e os criterios fixados polo Tribunal, co seguinte resultado:

N.º	ASPIRANTE	Formación	Experiencia	TOTAL
96	MARA MARIÑO MEIS	3	1	4
100	SANDRA PEREZ DOMINGUEZ	2	0,55	2.55
98	MARIA ELENA DOMINGUEZ RODRIGUEZ	3	0,55	3.55
108	SUSANA MILLAN PROL	2	0,35	2.35
99	MIRIAM MENDEZ LOIS	0	0	0
110	SILVIA GIMENEZ AMOEDO	2	0,25	2.25
101	LUCIA RODAS RECUNA	0,45	0	0.45

Finalizadas as anteriores deliberacións, polo tribunal de selección adóptanse os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Fixar a data da proba de galego (oral e/ou escrita): 25 de maio ás 10:00 h á que deberá acudir a aspirante Lucía Rodas Recuna posto que non presenta acreditación do CELGA 4, tal como se esixe nas bases da convocatoria. Terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello (praza do Corgo, 1 do Grove).

Segundo: Aprobar as cualificacións provisionais dos méritos alegados na fase de concurso polas aspirantes que superaron a fase de oposición:

Concello do Grove



Concello do Grove

N.º	ASPIRANTE	Formación	Experiencia	TOTAL
96	MARA MARIÑO MEIS	3	1	4
100	SANDRA PEREZ DOMINGUEZ	2	0,55	2.55
98	MARIA ELENA DOMINGUEZ RODRIGUEZ	3	0,55	3.55
108	SUSANA MILLAN PROL	2	0,35	2.35
99	MIRIAM MENDEZ LOIS	0	0	0
110	SILVIA GIMENEZ AMOEDO	2	0,25	2.25
101	LUCIA RODAS RECUNA	0,45	0	0.45

Terceiro: Conceder ás aspirantes un prazo de 3 días hábiles para a presentación de reclamacións ou alegacións respecto da valoración provisional dos méritos.

Cuarto: O tribunal dispón que pola secretaria se publique un anuncio cos acordos acadados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello así coma na web municipal.

Non habendo máis asuntos que tratar, polo presidente, levantouse a sesión sendo as 13:00 h do 19 de maio, estendéndose posteriormente a presente acta, de todo o que, como secretaria do tribunal deixo constancia.

Documento asinado electrónicamente

Concello do Grove